



Rede Museística Provincial de Lugo

BOLETÍN - EDUCACIÓN



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN
DE LUGO





Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO



O próximo **Día Internacional dos Museos**, a celebrar o vindeiro 18 de maio de 2024, terá como fío conductor o lema: **“Museos para a educación e a investigación”**. Arredor desta efeméride, entidades museísticas de todo o mundo realizarán actividades que visibilicen o papel fundamental dos museos nestas dimensións. Trátase polo tanto dunha oportunidade, a través desta axenda internacional compartida, de mostrar o potencial dos museos para activar cambios positivos na sociedade.

No caso das organizacións que xa levan tempo apostando pola museoloxía social, como é o caso da **Rede Museística**, será un momento especial tamén para compartir experiencias, reflexionar sobre como mellorar e poñer en valor os resultados acadados.

Vemos como a dimensión educadora dos museos forma parte esencial da súa función social, sendo ao mesmo tempo un dos eixos máis actuais de debate e reflexión profesional. Tamén se integra no **Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable** nº4 da Axenda 2030 da ONU.

A **Rede Museística Provincial de Lugo** vén apostando por desenvolver un labor educativo moi activo, a través de accións diversas para a xeración e transmisión de coñecemento á sociedade.

E faino tanto na relación coa comunidade educativa dos centros que imparten educación formal a todos os niveis, desde infantil á universitaria, como nas estratexias de divulgación e accións didácticas directas, que constitúen a chamada educación non formal e informal, imprescindibles para garantir oportunidades de educación e aprendizaxe durante toda a vida.

A **RMPL** opera nesta liña na busca dun impacto educativo na comunidade local, cos seus programas escolares e outras iniciativas anuais, e tamén tecendo redes con profesionais da educación formal, investigadoras, divulgadoras, artistas e outros museos de todo o mundo.

Partindo desta liña de traballo para o **primeiro trimestre** ofrecemos a seguinte **programación**:


Programación

Xaneiro

22

“ Itinerancia da exposición **“Mulleres nas/das aldeas”**”

 Carmen Porteiro

 Pallozas de San Román, Cervantes

Con esta exposición, desde a área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo a través da RMPL, queremos visibilizar, dignificar e empoderar todas as realidades das mulleres nas/das aldeas, con especial atención ao traballo da comunidade migrante lucense como presente activo e coidador do noso rural.

22

“ A maleta viaxeira”


“Un país no mapa”

“Crea o teu museo”

 CPI de Cervantes

26


“ Prueba Concepto”


 Museo do Prado


Febreiro

01 xoves

“ Exposición:
“**Da forma ao Concepto:**
unha procura que conduce
do Realismo á Abstracción”


 Ana María Marín

 Museo Provincial de Lugo

 12.00 h.

02 venres

“ Obradoiro: “**Da forma ao Concepto:** unha procura que
conduce do Realismo á Abstracción”


 Ana María Marín

 Museo Provincial de Lugo

 11.30 h.

No marco da exposición “Da Forma ao Concepto: unha procura que conduce do Realismo á Abstracción”, a artista Ana María Marín levará a cabo un obradoiro sobre escultura táctil dirixido a persoas invidentes.





"Da forma ao Concepto: unha procura que conduce do Realismo á Abstracción" / Ana María Marín

*Dentro do proxecto **(RE)COÑECER (RE)PRESENTAR (RE)DISTRIBUIR**



Febreiro

02 venres

- “ Exposición:
“Origen”
- 👤 Glorianna Ximendaz
(XI Premio Galicia de
Fotografía Contemporánea)
- 📍 Sala de Exposicións
da Deputación
- 🕒 19.30 h.

05 - 28

- “ Obradoiro: **Patrimonio
e Recursos de Museos**
para comprender a
desigualdade e as
narrativas alternativas.
- 📍 En Liña
- Dentro do Proxecto
Proba Concepto e
dirixido ao **Profesorado**

05 luns

- “ Presentación do catálogo
**“María Corredoira.
(Re)coñecer,
(Re)presentar
(Re)distribuir”**
- 📍 Museo Provincial de Lugo
- 🕒 12.00 h.

07 mércores

- “ Entrega do premio
FEAFES “Empréganos”
- 📍 Vello Cárcere
- 🕒 17.30 h.

Premio concedido á **RMPL**
polo seu compromiso coa
inserción laboral das persoas
con problemas de saúde mental.

08 xoves

- “ Proxecto: **“Notas no latido do unánime e cego”**
- 👤 Carla Andrade
- 📍 Museo Provincial de Lugo
- 🕒 19.00 h.

Presentado en forma de apuntamentos fílmicos, este proxecto
proponse cuestionar a maneira en que lembramos a través da
biografía dos espazos do Pazo de Tor.

Comisarias: Anxela Caramés e Encarna Lago.

Dentro do proxecto **(RE)COÑECER,
(RE)PRESENTAR, (RE)DISTRIBUIR**


“Notas no latido do unánime e cego” / Carla Andrade



DEPUTACIÓN
DE LUGO  Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO



“Notas no latido do unánime e cego” / Carla Andrade

*Dentro do proxecto **(RE)COÑECER (RE)PRESENTAR (RE)DISTRIBUIR**



Febreiro

08 xoves

“ Exposición:
“**Eu son. Memoria das rapadas**” - Art al Quadrat

 Gema y Mònica del Rey Jordà

 Museo Provincial de Lugo

 19.00 h.

Proxecto que busca a recuperación da memoria das mulleres rapadas no franquismo por transgredir o seu papel de feminidade tradicional na II República.

17.00 h. Sesión cine-debate **SACAR Á LUZ. LA MEMORIA DAS RAPADAS** (Documental), coa presenza das autoras Gema e Mónica del Rey (Art al Quadrat)

Comisarias: Anxela Caramés e Encarna Lago

Dentro do proxecto **(RE)COÑECER**
(RE)PRESENTAR (RE)DISTRIBUIR

23 venres

“ ENCONTROS DE SABERES

 Museo Provincial de Lugo

 19.00 h.

Encontros de saberes compartidos arredor de Rosalía.

“**Eu son. Memoria das rapadas**” / Gema y Mónica del Rey Jordà





“Eu son. Memoria das rapadas” / Gema y Mónica del Rey Jordà

*Dentro do proxecto **(RE)COÑECER (RE)PRESENTAR (RE)DISTRIBUIR**



Febreiro

29 xoves

“Exposición “As 7 e 7”

Andrea Otero | Noa Costas Martín | Christina Chiarroni | Carmen Quintáns
Sabela Eiriz | Greta Debelius | Noa e Lara Castro Lema.

Museo Provincial de Lugo

19.00 h.

“As 7 e 7” é unha mostra que dá a coñecer as achegas que ELAS fan á arte, ao pensamento de Galiza e do mundo, a través das 7 artistas expostas no Museo Provincial de Lugo e doutras tantas creadoras emerxentes. Esta mostra leva aparelladas unha serie de accións que complementan no seu carácter didáctico, recollidas no mes de marzo.

Dentro do proxecto **(RE)COÑECER (RE)PRESENTAR (RE)DISTRIBUIR**

AS 7 E 7

H O R A D E F A L A R









D O 2 9 D E F E B R E I R O A O 1 D E A B R I L

M U S E O P R O V I N C I A L D E L U G O





Marzo

05 martes



<p>Presentación e apertura de inscricións de</p> <p>“EDMS24: Investigación, Educación e Museos”</p>	<p>Presentación Programa XXIII Xornadas Pedagóxicas:</p> <p> 20 e 30 de maio  5 e 6 de xuño</p>	<p>Presentación Programa IV Xornadas Pacementas: Tor e Narla nas revoltas irmandiñas: Torres, fortalezas e sociedade.</p> <p> 6 e 7 de maio</p>
<p>Presentación II Foro Expandido de Museoloxía Social. Presentación de Somus (Comité Internacional para a Museoloxía Social)</p> <p> 27, 28 e 29 de xuño.</p>	<p>Presentación Programa Xornadas Internacionais sobre Educación e Museos</p> <p> 3 - 5 de xullo  Rede Museística Provincial de Lugo</p>	<p>“Obradoiro “Vendo como ver” (No marco da exposición “As 7 e 7”)</p> <p> Museo Provincial de Lugo  17.00 h.</p> <p>Obradoiro enfocado para persoas adultas. Nel aprenderemos a mirar a arte, a ver como se reflicte na obra contemporánea, a obra na que esta inspirada. Aprenderemos tamén sobre a linguaxe creadora contemporánea, sobre novas técnicas, máis tamén as que usaron as predecesoras.</p>

07 - 20

- “** Visitas guiadas **“Vendo como ver” (No marco da exposición “As 7 e 7”)**
-  Museo Provincial de Lugo
 17.00 h.

Visitas guiadas coas que explicar a vida e obra das artistas en colección así como das creadoras contemporáneas.

07 xoves

- “** Mesa Redonda **“As mulleres na arte: Retos e Dificultades” (No marco da exposición “As 7 e 7”)**
-  Museo Provincial de Lugo
 18.30 h.

Participan como ponentes as artistas seleccionadas para o proxecto e modera **Mónica Alonso**, artista presente na colección do Museo Provincial de Lugo e momba da Academia de Belas Artes. A mesa pretende amosar que implicacións ten na profesión da arte ser muller. Analizar dificultades como a visibilidade, as oportunidades laborais, a presenza en espazos expositivos e museísticos, mais tamén analizar posibeis maneiras de solventalas e amosar como.



Marzo

08 venres

“ ENCONTROS DE SABERES

👤 Leticia Bellón e Carmen Porteiro

📍 Museo Provincial de Lugo

🕒 11.00 h.

Encontros de saberes compartidos:
“A natureza dos procedementos”

13 - 14 - 15

“ Participación **TAEC**

📍 UMA (Universidade de Málaga)

14 xoves

“ Obradoiro “**Vexo, vexo, que ves**”
(No marco da exposición “As 7 e 7”)

📍 Museo Provincial de Lugo

🕒 12.00 h.

Obradoiro enfocado ao público infantil. Durante unha xornada recibiranse a diferentes escolas para que o alumnado, a través de xogos e actividades, aprendan a analizar e coñecer a arte contemporánea, despertando o interese das ensinanzas artísticas nas crianzas. **Comisarie:** Sergio Marey

20 mércores

“ ENCONTROS DE SABERES

Encontros de saberes compartidos arredor de Asorey.

23 sábado

“ ENCONTROS DE SABERES

Encontros de saberes compartidos arredor do movemento, do son e o tempo.

Ioga e arte

Todos os **martes** e **xoves** de **11.00** a **12.30** h e **venres** de **18.30** a **20.00** h. -excepto festivos- no **Museo Provincial de Lugo**.



Continúan as exposicións:

<p>“Historia de futuro”</p> <p>👤 Pamen Pereira e Che Marchesy</p> <p>📍 Pazo de Tor</p>	<p>“Culturas en diálogo”</p> <p>📍 Sala de exposicións da Deputación de Lugo</p>	<p>“Intrahistorias”</p> <p>👤 Adra Pallón</p> <p>📍 Catro museos da RMPL</p> <p>📅 3 - 5 de xullo</p>
---	--	---

Visitas guiadas “Sabías que...?”

<p>Visitas guiadas con entrada libre</p>	<p>📍 Museo Provincial de Lugo</p> <p>🕒 Martes - Sábado, 17.00 h.</p>	<p>📍 San Paio de Narla</p> <p>🕒 Martes - Domingo, 12.00 h. Febreiro</p>
<p>Visitas guiadas con cita previa</p>	<p>📍 Museo Provincial do Mar</p> <p>📅 xaneiro, febreiro, marzo</p>	<p>📍 Pazo de Tor</p> <p>🕒 Martes - Domingo 11.00 12.30 16.30 18.00</p>

Sabías que?

Visitas guiadas *gratuítas*
na Rede Museística Provincial de Lugo

Mirar...



Sentir...



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

www.comunidadermpl.gal

